

**ACTA NUMERO DEZAOITO DAS REALIZADAS POLA CORPORACIÓN
MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA O
DÍA VINTECINCO DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL OITO :-----**

=====

PRESIDENTA :

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

D. Angel Casal Moldes
D. Salvador Durán Bermúdez
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D^a Susana Fernández Trelles
D. Martín Otero Otero
D. Roberto-Alfonso Fernández Lores
D^a. Gloria González Camiña
D. David Otero Domínguez
D^a. Sandra Fernández Agraso
D^a. M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. José-Ramón López Fernández
D. Manuel Lores Puente

EXCUSADO:

D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

SECRETARIA XERAL:

D^a M^a del Carmen Merino Moína

=====

No salón de actos da Casa Consistorial de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vintecinco de Novembro de dous mil oito. Baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse os/as sres/as Concelleiros/as que ó marxe se relacionan co fin de realizar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión co obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto.- Faise constalo momento de entrada e saída de cada Concelleiro no salón de actos.-----

ACTA ANTERIOR:

222 : APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 30 DE OUTUBRO DE 2008 : Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle os asistentes á sesión se algún concelleiro/a ten que formular algunha observación ó acta que se somete a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, por asentimento unánime, préstase aprobación á devandita acta.-----

223 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA (DE RES. Nº 1063/08 Á Nº 1239/08) : A **Sra. Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as Concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas dende a última sesión ordinaria dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta si se quere algunha aclaración.

A Corporación dáse por informada.-----

224 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REFERENTES A EXERCICIO DE ACCIÓNS XUDICIAIS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA : En virtude do disposto polo art. 22.2.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co art. 41.22 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dáse conta o Pleno Municipal dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados dende a última sesión ordinaria de conformidade polo determinado nos art. 61.j) e 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A **Sra. Presidenta** fai constar que a relación detallada dos acordos estiveron no expediente á disposición dos/as Concelleiros/as e se alguén quere formular algunha aclaración que o manifeste. Non se produce ningunha solicitude.

A Corporación dáse por informada.-----

Nestre intre e con permiso da Presidencia incorporase á sesión a Concelleira do Grupo Municipal do B.N.G. D^a. Gloria González Camiña.-----

225 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS MODIFICACIÓNS Ó CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA DE CENTROS PÚBLICOS E CONSERXERÍA ADXUDICADO A EMPRESA “SAMYL, S.L.” : Pola Sra. Secretaria dáse lectura ás modificacións ó contrato de Servizos de Limpeza de Centros Públicos e Conserxería, que literalmente di:

“”””1.- O Pleno municipal, en sesión de 31 de xaneiro de 2006, adoptou o acordo de adxudicar o contrato de servizos de limpeza de centros públicos e conserxería á empresa SAMYL, polo prezo de 764.000 €/ano.

2 Aprobouse un primer modificado do contrato, mediante acordo do Pleno municipal de 12 de marzo de 2007, para ampliación da limpeza da Casa do Concello e Oficina municipal de turismo; e por resolución da Alcaldía de 25 de febreiro de 2008, confirmada posteriormente polo Pleno, realizouse un segundo modificado pola limpeza do centro de saúde de Villalonga

3.- O Pleno municipal, en sesión de 25 de marzo de 2008, adoptou o seguinte acordo:

- Prorrogar o contrato de limpeza de centros públicos e conserxería ata o 24 de xaneiro de 2009.
- Delegar na Alcaldía-Presidencia, os modificados do vixente contrato de limpeza e conserxería dos centros e edificios públicos municipais para os supostos establecidos con carácter xeral no prego de condicións económico-administrativas particulares. As modificacións non poderán supor de forma acumulativa máis dun 40 por cento do prezo inicial contratado.

4.- Como consecuencia de novas necesidades surxidas, presentáronse propostas de modificados: para incremento do servizo de limpeza nos colexios de Noalla, Villalonga e Dorrón, para limpeza da escola de Aios, para limpeza e conserxería dos campos de fútbol de Villalonga e Noalla.

5.- O importe dos modificados aprobados con anterioridade e das modificacións que se propoñen, non acadan o tope do 40 por cento do prezo inicial contratado.

6.- Consta nos expedientes informes da Secretaría xeral e de existencia de crédito da Intervención xeral do Concello.

7.- Conforme á competencia que corresponde á Alcaldía-Presidencia na aprobación dos modificados, de acordo coa delegación efectuada polo pleno municipal en sesión do 25 de marzo de 2008 publicada no BOP, esta Alcaldía aprobou os seguintes modificados do contrato de servizos de limpeza de centros públicos e conserxería adxudicado á empresa SAMYL:

Para incremento do servizo de limpeza nos colexios de Noalla, Villalonga e Dorrón por importe de 811,50 €/mes.

Para limpeza da escola de Aios por importe de 295,09 €/mes.

Para limpeza e conserxería dos campos de fútbol de Villalonga e Noalla, por importe de 3.024,18 €/mes.

A duración dos tres modificados estenderase ata a finalización do contrato coa empresa SAMYL, o 24 de xaneiro de 2009.

O que se pon en coñecemento do pleno municipal, de acordo có previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, para exercicio das delegacións”””””.

A Corporación dáse por informada.-----

226 : REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E USO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS. Aprobación Definitiva : Pola Sra. Secretaria dáse conta do ditame da Comisión de Informe, Estudo e Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di:

“”””2º) REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E USO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS – Aprobación Definitiva : Pola Sra. Presidenta dáse lectura á Proposta da Alcaldía que contén os antecedentes do expediente, do tenor literal seguinte :

“””””Con data 30 de setembro de 2008, foi aprobado inicialmente o regulamento de funcionamento e uso de campos de fútbol municipais de acordo co disposto no artigo 49. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril. No BOP nº 201 de 16 de outubro de 2008, publicouse o anuncio de dita aprobación inicial ós efectos da presentación de alegacións ou suxestións por prazo de trinta días como acordou o pleno e cumprindo o establecido no parágrafo b) do artigo 49 antes citado. Presentouse un escrito con suxestións por parte de D^a Dulcinea Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, a efectos de engadir ó regulamento:

“1º As instalacións deportivas municipais cumprirán coas normas urbanísticas de seguridade, accesibilidade e adaptación das persoas con diminucións ou discapacidades funcionais.

2º O acceso as instalacións deportivas municipais supón aceptación das normas contidas neste regulamento.

3º No caso de non poder utilizar unha instalación por inclemencias climáticas poderá solicitarse un novo uso sen cargo algún, dentro dos dous días hábiles seguintes e se poderá realizar sempre que exista instalación e horario dispoñible a tal fin. No caso de non solicitar este cambio no tempo establecido, o usuario decaerá no seu dereito.

4º Prohibicións:

- Arrojar o chan ou abandonar calquera tipo de desperdicio nas instalacións. Deberanse facer uso das papeleiras habilitadas para elo.

- Escupir e derramar líquidos de calquera natureza.”

Analizadas as suxestións, considérase que estas deben ser asumidas pola Corporación para mellorar o funcionamento e uso dos campos. En consecuencia propónse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Estimar as suxestións presentadas por D^a Dulcinea Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, presentadas no período de exposición pública da aprobación inicial do regulamento de funcionamento e uso dos campos de fútbol municipais, de forma que se inclúa no articulado do texto do regulamento os seguintes párrafos:

Art. 19.13: *“As instalacións deportivas municipais cumprirán coas normas urbanísticas de seguridade, accesibilidade e adaptación das persoas con diminucións ou discapacidades funcionais”.*

Art. 21: *“- O acceso as instalacións deportivas municipais supón aceptación das normas contidas neste regulamento”.*

Art. 12: ... *“No caso de non poder utilizar unha instalación por inclemencias climáticas poderá solicitarse un novo uso sen cargo algún, dentro dos dous días hábiles seguintes e se poderá realizar sempre que exista instalación e horario dispoñible a tal fin. No caso de non solicitar este cambio no tempo establecido, o usuario decaerá no seu dereito”.*

Art. 15: Queda terminantemente prohibido:

“i) Arrojar o chan ou abandonar calquera tipo de desperdicio nas instalacións. Deberanse facer uso das papeleiras habilitadas para elo”.

“j) Escupir e derramar líquidos de calquera natureza.”

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o texto do regulamento de funcionamento e uso dos campos de fútbol municipais que é aprobado inicialmente polo pleno do día 30 de setembro de 2008 coas modificacións antes reflectidas, dándose cumprimento ó establecido no artigo 49.c) da Lei 7/85.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación do texto íntegro do regulamento no Boletín Oficial da Provincia ós efectos do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 para a súa entrada en vigor”””””.

Rematada a lectura hai intercambio de aclaracións entre a **Presidenta**, a Concelleira **D^a. M^a Dulcinea Aguín Pombo** voceira do **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, asinante do escrito de suxestións, e tamén por parte de **D. José Luis Rodríguez Lorenzo do Grupo Municipal Mixto**, tendentes a matizar parágrafos da proposta socialista, que non afectan á redacción do texto final do Regulamento cuxa aprobación definitiva se peticiona na proposta da Alcaldía.

Sometida a proposta a votación, se obtén o resultado seguinte :

Votos a favor: **11 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Grupo Municipal Mixto e Sra. Presidenta).**

Votos pola **Abstencións: 3 (Grupo Municipal do BNG).**

Consecuentemente a Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais, por maioría acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía, propoñendo ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos :

PRIMEIRO.- Estimar as suxestións presentadas por **D^a Dulcinea Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, presentadas no período de exposición pública da aprobación inicial do regulamento de funcionamento e uso dos campos de fútbol municipais, de forma que se inclúa no articulado do texto do regulamento os seguintes párrafos:

Art. 19.13: *“As instalacións deportivas municipais cumprán coas normas urbanísticas de seguridade, accesibilidade e adaptación das persoas con diminucións ou discapacidades funcionais”.*

Art. 21: *“- O acceso as instalacións deportivas municipais supón aceptación das normas contidas neste regulamento”.*

Art. 12: ... *“No caso de non poder utilizar unha instalación por inclemencias climáticas poderá solicitarse un novo uso sen cargo algún, dentro dos dous días hábiles seguintes e se poderá realizar sempre que exista instalación e horario dispoñible a tal fin. No caso de non solicitar este cambio no tempo establecido, o usuario decaerá no seu dereito”.*

Art. 15: Queda terminantemente prohibido:

“i) Arrojar o chan ou abandonar calquera tipo de desperdicio nas instalacións. Deberanse facer uso das papeleiras habilitadas para elo”.

“j) Escupir e derramar líquidos de calquera natureza.”

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o texto do regulamento de funcionamento e uso dos campos de fútbol municipais que é aprobado inicialmente polo pleno do día 30 de setembro de 2008 coas modificacións antes reflectidas, dándose cumprimento ó establecido no artigo 49.c) da Lei 7/85.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación do texto íntegro do regulamento no Boletín Oficial da Provincia ós efectos do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 para a súa entrada en vigor. ”””””-----

Non se produce debate, e a Presidencia somete o ditame a votación acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

Votos pola abstención: catro (Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno, por maioría adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO : Estimar as suxestións presentadas por **D^a. M^a Dulcinea Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, presentadas no período de exposición pública da aprobación inicial do Regulamento de Funcionamento e Uso dos Campos de Fútbol Municipais, de forma que se inclúe no articulado do texto do regulamento os seguintes parágrafos :

Art. 12: ... *“No caso de non poder utilizar unha instalación por inclemencias climáticas poderá solicitarse un novo uso sen cargo algún, dentro dos dous días hábiles seguintes e se poderá realizar sempre que exista instalación e horario dispoñible a tal fin. No caso de non solicitar este cambio no tempo establecido, o usuario decaerá no seu dereito”.*

Art. 15: Queda terminantemente prohibido:

“i) Arrojar o chan ou abandonar calquera tipo de desperdicio nas instalacións. Deberanse facer uso das papeleiras habilitadas para elo”.

“j) Escupir e derramar líquidos de calquera natureza.”

Art. 19.13: “As instalacións deportivas municipais cumprirán coas normas urbanísticas de seguridade, accesibilidade e adaptación das persoas con diminucións ou discapacidades funcionais”.

Art. 21: “- O acceso as instalacións deportivas municipais supón aceptación das normas contidas neste regulamento”.

SEGUNDO : Aprobar Definitivamente o texto do **Regulamento de Funcionamento e Uso dos Campos de Fútbol Municipais** que foi aprobado inicialmente por esta Corporación o día 30 de Setembro de 2008 coas modificacións antes reflectidas, dándose cumprimento ó establecido no artigo 49.c) da Lei 7/85.

TERCEIRO : Que se publique o texto íntegro do regulamento no Boletín Oficial da Provincia ós efectos do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 para a súa entrada en vigor.-----

227 : CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE -SERVIZO GALEGO DE SAÚDE- E O CONCELLO DE SANXENXO SOBRE ASUNCIÓN DE CUSTOS DE MANTEMENTO DO CENTRO DE SAÚDE DE BALTAR : Pola **Sra. Secretaria** dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“””””2º) **CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE -SERVIZO GALEGO DE SAÚDE- E O CONCELLO DE SANXENXO SOBRE ASUNCIÓN DE CUSTOS DE MANTEMENTO DO CENTRO DE SAÚDE DE BALTAR :** Polo **Secretario** dáse lectura íntegra á Proposta da Alcaldía, do tenor literal seguinte :

“””””Visto o Protocolo entre a Consellería de Sanidade –Servizo Galego de Saúde- e a Federación Galega de Municipios e Provincias sobre asunción de custos de mantemento dos centros de saúde.

Visto o borrador do Convenio entre a Consellería de Sanidade –Servizo Galego de Saúde- e o Concello de Sanxenxo sobre asunción de custos de mantemento do Centro de saúde de Baltar.

Esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio entre a Consellería de Sanidade –Servizo Galego de Saúde- e o Concello de Sanxenxo sobre asunción de custos de mantemento do Centro de saúde de Baltar-Portonovo.

SEGUNDO.- Aprobar a cláusula de reversión a favor do Concello, do inmovible obxecto de convenio, caso de que deixara de prestar servizo como centro de saúde.

TERCEIRO.- Autorizar á Sra. Alcaldesa, D^a Catalina González Bea, para a firma do Convenio e de cantos documentos sexan precisos en execución deste acordo”””””.

Polo **Sr. Fernández Lores representante do Grupo Municipal do B.N.G.**, indica que da redacción da Proposta da Alcaldía e o Convenio, a cláusula de reversión a favor do Concello que propón a Sra. Alcaldesa xa esta redactada no convenio na cláusula 2º).

A **Sra. Alcaldesa** aclara que este convenio está redactado para todo-os Concellos a través da FEGAMP e que no momento da sinatura a cláusula de reversión quedará suficientemente clara para os intereses municipais.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo do Grupo Municipal Mixto** tamén fai fincapé no tema da reversión dado que entre o título da proposta da Alcaldía e o borrador do convenio non queda clara a reversión que se discute, polo tanto senón se modifica votará en contra.

Sometida a proposta da Alcaldía a votación, se obtén o resultado seguinte :

Votos a favor: **13 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Sra. Presidenta)**

Votos en **contra: 1 (Grupo Municipal Mixto).**

Consecuentemente a Comisión de Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio, por maioría acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía, proponendo ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos :

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio entre a Consellería de Sanidade –Servizo Galego de Saúde- e o Concello de Sanxenxo sobre asunción de custos de mantemento do Centro de saúde de Baltar-Portonovo.

SEGUNDO.- Aprobar a cláusula de reversión a favor do Concello, do inmovible obxecto de convenio, caso de que deixara de prestar servizo como centro de saúde.

TERCEIRO.- Autorizar á Sra. Alcaldesa, **D^a CATALINA GONZÁLEZ BEA**, para a firma do Convenio e de cantos documentos sexan precisos en execución deste acordo.””””-----

Inicia o debate o voceiro do **Grupo Municipal do B.N.G. D. Roberto A. Fernández Lores**, quen se mostra a favor da subscrición do convenio sobre asunción de custos de mantemento do centro de saúde, e indica que debera cambiarse o encabezamento da proposta xa que si figura a cláusula de reversión, ésta presupón a cesión da titularidade do centro á Consellería.

A **Sra. Alcaldesa** manifesta que para a asunción dos custos de mantemento do centro é preciso ceder a titularidade do ben á Consellería, cesión que será obxecto dun acordo plenario posterior.

Concluído o debate, a Presidencia somete a votación o contido do ditame que é aprobado por unanimidade e, en consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno acorda:

PRIMEIRO : Aprobar o Convenio entre a Consellería de Sanidade -Servizo Galego de Saúde- e o Concello de Sanxenxo sobre asunción de custos de mantemento do **Centro de Saúde de Baltar-Portonovo.**

SEGUNDO : Aprobar a cláusula de reversión a favor do Concello, do inmovible obxecto de convenio, caso de que deixara de prestar servizo como Centro de Saúde.

TERCEIRO : Autorizar á Sra. Alcaldesa, **D^a CATALINA GONZÁLEZ BEA**, para a firma do Convenio e de cantos documentos sexan precisos en execución deste acordo.-----

*A Sra. Alcaldesa dá conta do escrito presentado por **D. José Luis Rodríguez Lorenzo**, voceiro do **Grupo Municipal Mixto e representante do “VIPS”**, no que comunica: a imposibilidade de asistir a esta sesión e, no seu caso, posteriores debido ó seu internamento nun centro hospitalario, así como a retirada da orde do día do pleno ordinario de tódolos escritos presentados polo **Grupo Municipal Mixto (“VIPS”)**, a fin de estar presente na sesión cando se traten os temas.*

*A Sra. Alcaldesa pon en coñecemento da Corporación, por tanto, a retirada das mocións, rogos e preguntas presentados polo **Grupo Municipal Mixto (“VIPS”)** para ser tratados nunha sesión posterior; así como a retirada da moción do **Grupo Municipal do PP**, pendente da sesión do pleno ordinario anterior, relativa á “adopción de medidas de aforro e austeridade no gasto público na Corporación Local”, por resultar extemporánea ó estar xa postas en marcha tales medidas, segundo indica a Sra. Alcaldesa.*

A **Sra. Alcaldesa** manifesta que votará en contra da urxencia porque é unha cuestión que non se pode decidir nun pleno, xa que a súa implantación depende de varios factores: de carácter tecnolóxico, do grao de preparación do persoal, dun estudio de implantación por áreas etc.

Sometida a urxencia a votación, acadou o seguinte resultado:

Votos a **favor: seis (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

Votos en **contra: nove (Grupo Municipal do PP).**

En consecuencia, non se debateu a moción.-----

229 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA QUE SE REALICE PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS DO ANO 2007 AS DIVERSAS ASOCIACIÓNS DO MUNICIPIO. (R. DE ENTRADA NÚM. 7708 DO 05/11/08) : A voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a. M^a Dulcinea Aguín Pombo, retira a moción presentada polo seu grupo, relativa ó pago das subvencións correspondentes ó ano 2007, por canto xa se efectuaron os pagamentos.-----

230 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA MELLORAR A EFECTIVIDADE DAS ACCIÓNS CONTRA AVIOLENCIA DE XÉNERO (R. DE ENTRADA NÚM. 7869 DO 10/11/08) : Pola Concelleira do Grupo Municipal do BNG, D^a. Sandra Fernández Agraso, dáse lectura a moción que literalmente di:

“”Dona Sandra Fernández Agraso, concelleira do **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** no Concello de SANXENXO

EXPÓN:

O 25 de novembro, Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, ten que ser unha data de compromiso dos gobernos co conxunto de organizacións sociais e da cidadanía en xeral para a sensibilización e a actuación respecto do grave problema que constitúe a violencia machista.

É, pois, unha data para a denuncia activa de toda a sociedade en contra da violencia que se exerce contra as mulleres en razón do seu xénero.

Todas, todos, podemos facer algo contra a violencia machista.

Os cambios e avances no tratamento legal da violencia de xénero, os recursos creados para a tender as mulleres en situación de violencia de xénero, as campañas de sensibilización e os pasos que se deron para avanzar na consolidación dos dereitos das mulleres son necesarios para loitar contra este fenómeno, mais é necesario optimizar o seu uso e achegalos con maior eficacia ás mulleres.

Por outro lado, a prioridade das accións políticas que se dirixen á atención das mulleres que padecen a violencia machista é tal que non debe verse influídas por conxunturas económicas, antes ben, poñen en evidencia a necesidade de atender con maior eficacia á hora de prestar os recursos, aínda en momentos de crise.

A **Sra. Alcaldesa** manifesta que votaría a favor da moción si se retira do primeiro parágrafo do texto do acordo proposto a frase: “coa mesma dilixencia” e do segundo parágrafo: “aplicando diligentemente”.

A **Sra. Aguíñ Pombo** indica que si ben aínda hai moito traballo que realizar, a Lei contra a violencia de xénero aprobouna o goberno socialista xa que con anterioridade non existía ningunha regulación, polo que considera correcto o texto proposto.

Sometida a moción a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (**Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG**).

Votos en contra: nove (**Grupo Municipal do PP**).

En consecuencia, non se aprobou a moción.-----

233 : PROPOSTA DE ADHESIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO Á CONVENCIÓN INTERNACIONAL SOBRE OS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE (R. DE ENTRADA NÚM. 8028 DO 18/11/08) : A **Sra. Alcaldesa** pregunta á **D^a. M^a Dulcinea Aguíñ Pombo** si está de acordo en que se trate como unha moción o escrito presentado polo Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo relativo á “proposta de adhesión do Concello de Sanxenxo á convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade”.

A **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a. M^a Dulcinea Aguíñ Pombo** manifesta a súa aceptación a que se tramite como **MOCIÓN**, e de seguido da lectura o escrito que literalmente di:

“”””O pasado día 3 de maio entraron en vigor os acordos adoptados pola Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con discapacidade, así como o seu Protocolo Facultativo.

Este importante instrumento xurídico internacional, xurdido das Nacións Unidas, instaura unha nova concepción da discapacidade centrada nos dereitos humanos e na persoa con discapacidade como titular irrenunciable de dereitos, é por iso que o Concello de Sanxenxo acorda :

- Compartir o contido da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade das nacións Unidas, cuxa vocación é a de impulsar o recoñecemento das persoas con discapacidade como suxeitos de dereitos humanos en igualdade de condicións, instando os países que integran a comunidade internacional á súa protección e garantía.

- Expresar a súa disposición a colaborar na plena e efectiva implantación dos valores, principios, mandatos e disposicións recollidos na Convención, a través da aplicación dos mesmos en todos os actos orixinados neste Concello, velando pola súa plena accesibilidade e polo seu respecto ao dereito de igualdade de oportunidades

- Rexeitar e condenar a violación dos principios e disposicións contidos na Convención e calquera outro acto que vulnere o dereito de non discriminación, comprometéndose a erradicalos sempre que recaia no ámbito das súas competencias.

A **Sra. Alcaldesa** indica que votará en contra da urxencia, porque a maior parte das obras da parroquia de Nantes relacionadas na moción, xa foron executadas polo persoal propio do Concello.

A **Sra. Aguíñ Pombo** expón que estas obras xa figuraban nos plans do Concello dende 2006.

A **Sra. Alcaldesa** dí que non entrará a debater a moción.

Sometida a urxencia a votación, acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: sete (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).**

Votos en **contra: nove (Grupo Municipal do PP).**

En consecuencia, non se debateu a moción.-----

235 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO (R. DE ENTRADA NÚM. 8285 DO 25/11/08) : Polo voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Casal Moldes, dáse lectura da moción que literalmente di:

“”””D. Ángel Casal Moldes, Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Sanxenxo eleva ó Pleno da Corporación para o seu debate e toma en consideración a seguinte

MOCIÓN

Ante a celebración este 25 de novembro do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, o Partido Popular quere reiterar o seu firme compromiso na loita contra unha das peores lacras que sofre a nosa sociedade e que, desgraciadamente, costa a vida anualmente a decenas de mulleres.

Os poderes públicos, as institucións, as asociacións e os cidadáns deben involucrarse, de maneira conxunta, na loita contra o maltrato que sofren moitas mulleres. Non podemos consentir que a violencia de xénero vaia a máis no noso país.

No que levamos de ano 2008 xa se produciron 60 asasinatos de mulleres. Na lexislatura anterior acadouse a impactante cifra de 280 mulleres mortas por esta causa.

A pesares de que na lexislatura pasada se adoptaron medidas para combatir esta lacra, tales como a aprobación da Lei de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, o resultado foi desolador: fallan medios e recursos e o funcionamento é manifestamente mellorable, recaendo todo o peso nas comunidades autónomas e nos concellos.

Sucesivos informes, como o do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, o informe anual do Defensor del Pueblo (2006) ou o de Amnistía Internacional reflectan a frustración das expectativas xeradas pola Lei, as súas debilidades e dan conta de cómo, catro anos despois da súa entrada en vigor, as mulleres non están máis protexidas nin se sinten mellor atendidas polas administracións públicas.

Actualmente, hai déficit de policía, de xulgados exclusivos de violencia de xénero e os xulgados compartidos amósanse desbordados polo número de casos que teñen que tratar.

236 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A APROBACIÓN DA PROPOSICIÓN DE LEI ORGÁNICA DE MODIFICACIÓN DA LEI ORGÁNICA 5/1985, DE RÉXIME ELECTORAL XERAL (R. DE ENTRADA NÚM. 8286 DO 25/11/08) : Polo voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Casal Moldes, dáse lectura da moción que literalmente di:

“”””D. Ángel Casal Moldes, Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Sanxenxo eleva ó Pleno da Corporación para o seu debate e toma en consideración a seguinte

MOCIÓN

A Constitución Española no seu artigo 23 outorga o dereito de sufraxio a todos os cidadáns. Ademais, o artigo 24 da Carta Magna garante a todos os españois igualdade no exercicio dos seus dereitos. Todo elo supón que, dun ou doutro xeito, os poderes públicos deben articular algún mecanismo que permita ós españois residentes no exterior exercer o seu dereito ó sufraxio con todas as garantías.

Deste xeito, a Lei Orgánica 40/2006, de 14 de decembro, do Estatuto da Cidadanía Española no Exterior, que versa sobre o dereito dos españois residentes fora do territorio nacional a ser elector e elixible nas mesmas condicións que a cidadanía residente no Estado Español, proclama no seu artigo 5 o seguinte:

“1. Os españois que residen no exterior teñen dereito a ser electores e elixibles, en todos e cada un dos comicios nas mesmas condicións que a cidadanía residente no Estado Español, nos termos previstos na normativa de aplicación”.

“5. Para facilitar o exercicio do dereito de voto dos españois residentes no exterior, promoveranse medidas legais tendentes a homoxeneizar os procedementos electorais para a cidadanía española residente no exterior e habilitaranse os medios materiais, técnicos e humanos precisos que posibiliten a votación en urna ou a través doutro medio técnico que garanta o segredo do voto e a identidade do votante, en eleccións xerais, europeas e autonómicas, nas demarcacións consulares, tendo en conta as características dos países de residencia e o número de distribución de españois residentes no país de que se trate”.

Nestes intres a regulación da normativa electoral neste aspecto resulta insatisfactoria, tanto dende o punto de vista da seguridade xurídica como do das garantías democráticas que aseguran que o voto sexa universal, libre, igual, directo e segredo.

Por esta razón, o Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados presentou unha Proposición de Lei Orgánica de modificación da Lei de Réximen Electoral Xeral para adecuar as especificidades do dereito ó voto dos españois residentes no exterior coa garantía democrática que representa o dereito de voto en urna, apoiado na administración consular, así como o exercicio do voto por correo con todas as garantías, a regulación das campañas electorais e a previsión de depuración do censo de electores residentes no exterior.

Considerando a importancia desta iniciativa, o Grupo Municipal Popular somete á consideración do Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Que o Concello de Sanxenxo Inste ós Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais para que, con carácter de urxencia, aproben a Proposición de Lei Orgánica de modificación da Lei Orgánica 5/1985, de Réximen Electoral Xeral, presentada polo Grupo Parlamentario Popular, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto da cidadanía, nos termos que se expresan na mesma.

SEGUNDO: Instar ó Goberno central para que proceda a adoptar cantas medidas sexan necesarias para que, unha vez aprobada a reforma da Lei, se dea cumprimento con carácter de urxencia ó contido da referida reforma da Lei Orgánica Electoral Xeral.

TERCEIRO: Dar traslado destes acordos ós portavoces parlamentarios na Subcomisión sobre as posibles modificacións do Réximen Electoral (Comisión Constitucional) do Congreso dos Deputados”””””.

Sometida a urxencia a votación, acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal do BNG).

Votos en **contra**: tres (**Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**).

O voceiro do **Grupo Municipal do PP, D. Ángel Casal Moldes**, manifesta que ante a próxima cita electoral non está garantizado que o voto dos residentes no exterior se deposite nunha urna.

A voceira do **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a. Dulcinea Aguín Pombo**, indica que ante a proximidade das eleccións agora convén este sistema, cando non se modificou durante o goberno anterior do P.P.; e sinala que o propio Presidente da Xunta xa promoveu a iniciativa desta modificación no Parlamento galego.

O voceiro do **Grupo Municipal do BNG, D. Roberto A. Fernández Lores**, manifesta que existe un acordo dos tres grupos parlamentarios de Galicia para que se leve a cabo esta modificación; e comunica que prestaría aprobación á moción si se cambia o parágrafo primeiro, no senso de substituír: a proposta de modificación da Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral *presentada polo Grupo Parlamentario Popular*, pola proposta de modificación *promovida no Parlamento galego e aprobada polos tres grupos parlamentarios de Galicia*.

A **Sra. Alcaldesa** móstrase favorable á modificación proposta.

A voceira do **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a. Dulcinea Aguín Pombo** indica que votaría a favor da moción si se incorpora dita modificación.

Sometida a votación a moción foi aprobada por unanimidade, nos termos antes transcrita, coa modificación proposta polo voceiro do **Grupo Municipal do B.N.G., D. Roberto A. Fernández Lores**, có que a redacción do parágrafo primeiro da moción aprobada resulta:

PRIMEIRO: Que o Concello de Sanxenxo Inste ós Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais para que, con carácter de urxencia, aproben a Proposición de Lei Orgánica de modificación da Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral, *promovida no Parlamento galego e aprobada polos tres grupos parlamentarios de Galicia*, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto da cidadanía, nos termos que se expresan na mesma.-----

237 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A XESTIÓN DO CENTRO DE DÍA MUNICIPAL (R. DE ENTRADA NÚM. 8287 DO 25/11/08) : Polo voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Casal Moldes, dáse lectura da moción que literalmente di:

“”””D. Ángel Casal Moldes, Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Sanxenxo, en nome e representación do mesmo e ao abeiro do establecido nos artigos 91.4 y 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte

O voceiro do **Grupo Municipal do PP, D. Ángel Casal Moldes**, expón que esta moción persegue reprobación, ós tres concelleiros do BNG relacionados na moción, polas graves acusacións vertidas e a alarma social producida como consecuencia da rolda de prensa convocada para denunciar irregularidades no Centro de Día, utilizando á xente maior para desprestixiar ó Concello.

A voceira do **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a. M^a Dulcinea Aguíñ Pombo**, manifesta que, sen entrar no fondo do asunto, lle resulta insólito que o equipo de goberno utilice a fórmula da reprobación fronte ós concelleiros da oposición pola exercicio da súa actividade política; indica que non é a forma, que se poderían reprobacións do equipo de goberno, e sinala que isto é un exemplo de que en política vale todo.

O concelleiro do **Grupo Municipal do BNG, D. David Otero Domínguez** intervén para dicir ó **Sr. Casal Moldes** que lle inclúa na reprobación, xa que apoia ó 100 por 100 a actuación levada a cabo polos representantes do BNG con relación ó Centro de Día, e mostra a súa solidariedade fronte ás ameazas de interposición de querelas recibidas polos seus compañeiros.

O voceiro do **Grupo Municipal do BNG, D. Roberto A. Fernández Lores**, expón que máis que un acto de reprobación é un acto de depravación, dí que estase depravando o espírito da sesión plenaria, que trátase de crear unha cortina de fume para esconder o problema. Sinala que asume persoalmente as denuncias, que existe unha actitude escurantista do equipo de goberno, que non se convoca á Comisión de seguimento prevista no Regulamento do Centro de Día, que ante as denuncias, o Concello solicitou unha inspección de Vicepresidencia e valeuse da prensa e da páxina web municipal para dar as explicacións que convida. Tamén manifesta que noutras ocasións utilizouse o Centro de Día con un fin partidista para campañas políticas.

Sinala o voceiro do BNG que o seu Grupo denuncia unha situación real, contrastada; e pregunta si o informe de Vicepresidencia trata da escaseza de comestibles, da calidade dos menús, da baixa da Directora do Centro, etc. Tamén expón que se presentou un escrito polo Concello diante dos traballadores do Centro que éstos se negaron a asinar; e finalmente di que o equipo de goberno fai uso do Centro de Día para ós seus propios fins, felicitando o Nadal dende o dito Centro.

A **Sra. Alcaldesa** inicia a súa intervención manifestando que si a felicitación que realizou dende a gardería infantil o Nadal pasado, tamén constitúe un acto reprochable. Indica que a rolda de prensa convocada polo BNG sobre irregularidades no Centro de Día constitúe un acto de manipulación política, denunciando publicamente que os vellos do Concello están mal coidados. Continúa a Sra. Alcaldesa dicindo que a acta da inspección de Vicepresidencia só reflicta que non está exposto ó público o cadro de persoal do Centro non constatando irregularidade algunha.

Sinala que estase provocando alarma social nos usuarios, nas familias e nos veciños en xeral, e que o Centro dispón de certificación de calidade. Indica que nun pleno anterior xa comunicou que convocaríase a Comisión de seguimento cando se reincorporara da súa baixa a Directora, e que Vicepresidencia comprobou os menús e a cobertura das baixas; tamén manifesta que se produciu alarma social cando o Centro de día existente é a única alternativa no Concello de Sanxenxo.

Finalmente expón que as denuncias vertidas non as cree ningún veciño e recomenda visitar o Centro asiduamente; indica que en política non vale todo e que o Centro non está en venda pese ó interese pola integración do mesmo no Consorcio de Vicepresidencia.

O **Sr. Fernández Lores** pregunta porqué non se pagou á empresa concesionaria, e sinala que os feitos denunciados son certos e contrastados, que plasman carencias moi graves do equipo de goberno.

A **Sra. Alcaldesa** contesta que foron transferidos os importes correspondentes á empresa e que o resto dos concesionarios estarían moi satisfeitos si se lles pagara con esta prontitude. Expón que o comportamento dos representantes do BNG reflicta unha actitude irresponsable cara ós veciños que, entroutras cousas, por iso non lle votan, e que en definitiva non lle interesan os servizos e os programas que ofrece o Concello.

Sometida a moción a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: nove (Grupo Municipal do PP).**

Votos en **contra: sete (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

En consecuencia, por maioría, a moción foi aprobada nos termos antes transcritos.-----

ROGOS E PREGUNTAS.

-ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 18/11/08 (R. DE ENTRADA NÚM. 8029) : Pola voceira do **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a. M^a Dulcinea Aguín Pombo**, retirase da sesión o ROGO relativo a *“Revisión do alumado público dende o cruce que vai ó Colexio de Nantes ata o lugar donde se atopa Alimentación Abel, na Parroquia de Nantes. A día de hoxe nese tramo existen puntos de luz que non funcionan”*, por atoparse solucionado o problema.-----

-ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 20/11/08 (R. DE ENTRADA NÚM. 8100) : Pola voceira do **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a. M^a Dulcinea Aguín Pombo**, dáse lectura a este escrito que literalmente di:

“**ROGO** que formula Dona Dulcinea Aguín Pombo concelleira do PsdeG-PSOE de Sanxenxo ó amparo do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réxime Local.

